


a
defensa
insobornabel dos
intereses populares

vota



BNG BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

PROGRAMA ELECTORAL



nos Concellos

BNG BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO



para avanzar!

PROGRAMA MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Nas presentes eleccións municipais, cobra importancia fundamental a necesidade de votar a opción popular e galega que representa o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, para impedir a consolidación do bipartidismo en Galicia. Non cabe dúbida que as dúas opcións representadas por AP e PSOE están interesadas en presentar os procesos electorais como unha competición exclusiva entre eles. O propio sistema pretende asentarse sobre a alternancia de dúas forzas políticas que, no fondo, son impensábeis a unha sen a outra, e, polo tanto, ambas as dúas fanse necesarias para manter os principios económicos do capital monopolista. Velaí o interés de votar BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, para garantir que unha opción política propia e popular siga aparecendo nas institucións e dando a batalla a un modelo político que nega aos galegos a súa soberanía nacional e, polo tanto, a capacidade para gobernarse de acordo cos seus propios intereses.

Hoxe xa temos experiencia de cómo actúa cada forza política nos axuntamentos para aclarar qué representa cada unha. En realidade, o que se coce nos concellos, afecta dunha maneira directa aos viciños, polo que resulta moi importante ter presente o que ocorreu nestes catro anos. Por iso, o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, neste programa, pretende ofrecer unha serie de alternativas concretas, que xa foron o eixo da nosa actividade municipal até hoxe, ao tempo que lembramos a actuación política que se deu nos concellos nos diferentes temas.

I. A PRESENCIA INSTITUCIONAL COMO INSTRUMENTO DE CONCIENCIACION POPULAR.

A manipulación do poder por parte dalguns grupos chegou a extremos de pretender impedir a discusión de determinados temas. En nome de non politizar os concellos impediuse o tratamento de mocións, en moitos casos, como as da Cuota Empresarial da Seguridade Social Agrária, defensa do idioma nos casos de represión lingüística, OTAN, despidos de traballadores de empresas en crise... Mentres, eses mesmos grupos non tiñan reparos en utilizar as institucións en defensa das campañas máis reaccionárias (contra o dereito ao aborto, en favor de actos confesionais, apoio á monarquía e á Constitución).

Frente a esta actitude, os nacionalistas do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO seguiremos a defender que, nos concellos, como institucións públicas que son, se poidan discutir os asuntos públicos de calquera índole. Precisamente, hai problemas nos que o sistema pretende de maneira especial confundir aos cidadáns, ocultando a súa dimensión real, que os nacionalistas debemos levar ás institucións municipais para achegar a discusión ao pobo, de maneira que sirva de concienciación e mobilización cando se trate de aplicar algunha medida anti-popular.

II. POLITICA FISCAL.

Resultou dramático para o noso bolsillo comprobar como os partidos de ámbito estatal se esforzaban en facer funcionar os concellos como se se tratase de empresas privadas, nas que os viciños somos os clientes aos que se nos pretende sacar a maior beneficio. Comprobamos cómo se subían abusivamente impostos e taxas municipais, principalmente os que afectan por igual a todos os cidadáns (auga, lixo, etc.). Subidas que se xustificaban nunha mellora dos servizos, que despois non se producía.

Frente a isto, os nacionalistas puxemos en práctica, onde temos alcalde, defendémos no resto dos concellos e seguiremos a defender, que a administración pública está ao servizo dos cidadáns, que xa soportan bastante presión fiscal e que, en todo caso, haberá que incrementar os impostos e taxas que afecten a quen realmente poida pagalos. Só deben incrementarse, os que afecten por igual a todos os cidadáns, cando estean moi desfasados e nunca nunha porcentaxe superior á suba dos salários. En definitiva, os gastos municipais deben ser sufragados por unha participación maior dos axuntamentos nos presupostos do Estado.

III. INFRAESTRUTURA E SERVICIOS.

As opcións políticas que gobernaron na maior parte dos municipios galegos, consideraron as necesidades de infraestrutura e servizos (camiños, teléfonos, alumbeamento público, alcantarillado) como campo de experimentación electoral, privilexiando aos núcleos de poboación máis adiantados politicamente á ideoloxía no poder.

Frente a este caciquismo, os nacionalistas puxemos en práctica, onde temos alcalde, defendémos no resto dos axuntamentos e seguiremos a defender: plans de actuación municipal que respondan ás necesidades reais dos viciños, nos que todos sexan tratados equitativamente, recoñecéndolles a to-

manente, serán a mellor garantía para asegurar o coñecemento exacto do comportamento das institucións e as respostas axeitadas a dar.

Os alcaldes pedáneos no rural e os representantes dos barrios nas vilas terán que elixirse democraticamente, sendo vínculo necesario na participación viciñal, para asegurar unha información pontoal da actividade municipal.

Estes principios, que orientarán de maneira xeral a actividade dos concellais e alcaldes do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO que saian elixidos, e que serán completados en cada axuntamento coas correspondentes medidas concretas, son a plasmación a nivel municipal dun programa político que pretende superar o marco imposto pola actual Constitución e o seu Estado das autonomías, negadoras da soberanía nacional de Galicia e dos seus intereses fundamentais. O voto ao BLOQUE NACIONALISTA GALEGO afortalará nos axuntamentos a presenza dunha forza política que utilizará todos os recursos, incluída a participación municipal, para opoñerse a un modelo social con moitos miles de parados, que ten en perspetiva estragar aínda máis a nosa situación económica coa integración no bloque monopolista representado pola Comunidade Económica Europea e a OTAN.

En definitiva, votar BLOQUE NACIONALISTA GALEGO nestas eleccións municipais é apoiar a opción que coa súa práctica ao longo destes anos asegurou nos axuntamentos a defensa dos intereses populares galegos e as contínuas mobilizacións que impediron cacicadas sangrantes. As nosas posicións en toda Galicia deixaron constancia dunha práctica coerente de oposición a un modelo político que segue considerando ao noso país como fornecedor de materias primas, man de obra barata e recursos financeiros. Esta práctica política acarreeu multas, sancións, expedientes, detencións e xuízios para os nosos concellais, alcaldes e deputados provinciais, feito que, de maneira tan extendida, só ocorreu cos nacionalistas, deixando en evidencia que, nas nosas candidaturas, hai unha actitude insobornábel en defensa dos intereses do noso pobo.

Eis a razón fundamental de votar BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).

de actos, de acondicionar bibliotecas públicas ou edificios de propiedade municipal abandonados para uso e disfrute do pobo.

Os alcaldes e concellais nacionalistas practicámos e practicaremos a galeguización real da vida municipal, mesmo fronte ás presións gubernativas, e dinamizaremos desde os axuntamentos todas as iniciativas culturais populares, así como a promoción do deporte de base. Para iso promoveremos a creación da infraestrutura de locais públicos, hoxe practicamente inexistentes, as bibliotecas municipais e a recuperación de edificios públicos infrautilizados ou abandonados, para uso popular.

VII. ENSINO E SANIDADE.

A caréncia de centros de ensino e as deficiencias da sanidade no momento actual non preocuparon aos concellos nos que non gobernámos os nacionalistas, por máis que insistímos neste problema permanentemente.

Seguiremos a traballar e a esixir a necesaria escolarización dos nenos, desde os dous até os dazoito anos, coa conseguinte creación de garderías e centros de ensino, para que esta política sexa unha realidade, asegurando ao mesmo tempo o control municipal da infraestrutura do mesmo.

Demandaremos a creación de centros de saúde para os municípios, que vaian no camiño de modificar a actual concepción da medicina, incidindo máis na preventiva e no control e participación do pobo para a mellora da saúde.

En ambos os dous casos seguiremos a loitar contra a privatización destes servícos esenciais.

VIII. MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO ARTISTICO.

Estes anos continuou a degradación do medio ambiente, non só debido á ausencia de lexislación xeral sobre o tema, senón tamén á falta de preocupación das institucións municipais para evitalo. Normalmente, os propios municípios tiveron un comportamento consecuente de cara a conservación do medio ambiente, sendo mesmamente a súa negligencia total en temas como o vertido de lixo. Esta falta de preocupación exténdese ao noso patrimonio histórico-artístico, que non só non se restaura, senón que se tolera o seu deterioro paulatino.

Os nacionalistas defenderemos a este respecto:

- Actuación dos axuntamentos para evitar a contínua degradación do medio ambiente, non só absténdose de realizar accións que atenten contra

este obxectivo, senón tamén penalizando as realizadas por particulares e que vaian en deterioro da calidade de vida.

- Participación municipal na restauración do noso patrimonio histórico-artístico, e total oposición ao deterioro que está a sofrer.

IX. COMARCALIZACION E ARTELLAMENTO ADMINISTRATIVO AXEITADO A GALICIA.

A actual estrutura administrativa local está pensada unicamente para producir o control caciquil do pobo até os derradeiros recunchos do país. Seguen existindo as absurdas deputacións, que son un foco de arbitrariedades na distribución dos fondos públicos e nas súas diferentes actuacións, favorecendo sempre aos concellos e núcleos que están baixo a influencia do grupo hexemónico na deputación, aínda que non sexan os máis necesarios. Pola contra, unha entidade natural en Galicia como a parróquia segue sen recoñecemento xurídico, á que non só se priva das mínimas competencias para potenciala e mantela, senón que nos plans de ordenación se esquece totalmente, coa finalidade de estrangular a súa existencia. Mesmamente, os axuntamentos, ás veces, son demarcacións xeográficas arbitrarias que non responden a nengun criterio social ou natural.

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO defenderá:

- O recoñecemento xurídico da parróquia, e a conseguinte descentralización de competencias, nalguns terreos, por parte dos axuntamentos.
- A potenciación de mancomunidades de municípios, feitas en base a criterios sociais, históricos e xeográficos que, aparte de integrar algunhas comarcas, poidan abaratar servícos.
- A loita contínua contra eses focos de arbitrariedades que son as deputacións, transferíndose unha parte dos seus actuais servícos aos organismos de poder galegos e outra aos axuntamentos e mancomunidades.

X. PERSOAL E FUNCIONAMENTO ADMINISTRATIVO MUNICIPAL.

A utilización da administración como catapulta dos intereses persoais dos alcaldes e concellais foi frecuente. Sucederonse as contratacións de persoal para os axuntamentos sen nengun tipo de baremo; outorgáronse prazas de funcionarios en oposicións totalmente caciqueadas; convocáronse concursos nos que as prazas estaban concedidas de antemán. O capítulo de contratación de obras con elevado presuposto foi, en moitas ocasións, caciquil e irregular. Chegouse á realización de obras en exclusivo beneficio de conce-

llais e alcaldes. E se isto foi norma habitual no franquismo continuou agora, e non só nas corporacións rexidas polas forzas da dereita, senón tamén nalgunhas de "esquerdas", que se sentiron lexitimadas para facer o mesmo.

Os nacionalistas tivemos e teremos sempre como obxectivo un trato equitativo para todo o mundo, desterrando o nepotismo, as contratacións a dedo e sen baremo, as oposicións caciqueadas, e garantindo a dedicación exclusiva dos funcionarios ao traballo público, de maneira que se asegure a mellora e eficacia do funcionamento da administración municipal.

XI. ACCION SOCIAL.

E tradicional xa a desatención en que se atopan os nenos, os vellos, a mocidade e os minusválidos, por carecer dunha estrutura apropiada de esparcemento e de cobertura das súas necesidades en todas as ordes.

Consideramos, os nacionalistas, que a política municipal debe contar cun capítulo de atención específica a estes sectores, tanto para axudar, nuns casos, á inserción social normal no lecer e no traballo, como para prestar noutras posibilidades educativas e de recreo populares.

Para loitar contra a situación de opresión na que se achan as mulleres e para facilitar a súa inserción, en igualdade de condicións co home, propomos a dotación de infraestrutura mínima (garderías infantís, espacios verdes, lavadeiros públicos). Reivindicaremos a creación e dotación de centros de información sexual. Consideramos que as mulleres deben ter participación e voz nos concellos para a defensa dos seus dereitos.

XII. PARTICIPACION POPULAR.

A consideración do traballo municipal como segredo levou aos grupos políticos non nacionalistas a defender unha participación viciñal restrinxida sempre a uns representantes designados de xeito que se puidese canalizar e integrar o descontento popular ante unha xestión sen compromiso algún. Non houbo preocupación por achegar a vida municipal ao pobo, nen por asegurar unha permanente vinculación coas necesidades populares por meio de representantes eleixidos democraticamente. Así, nomeáronse alcaldes pedáños a dedo, e impediuse nas cidades a participación dos bairros na vida municipal.

Os nacionalistas defendémos e defenderemos a participación viciñal no traballo municipal, mesmo con mobilizacións que deron resultados, en moitos casos, paralizándo cacicadas. A participación popular directa, a fiscalización constante da actividade municipal por parte do pobo, o control per-

das as entidades de poboación a categoría de núcleos urbanos a efectos de dotalos dos servizos necesarios.

IV. URBANISMO.

A concepción de que o chan urbano e urbanizábel é un mercado para o beneficio dos especuladores seguiu a funcionar. Asistímos ao crecemento irracional dos núcleos urbanos, sen pensar na mellora da calidade de vida, na dotación de servizos, nas zonas abertas, nos espacios verdes, senón en introducir nos plans de ordenación canto máis volume de edificación mellor. Unha nova lei do chan axeitada a Galícia, que podía evitar todos estes despropósitos, segue sen producirse.

Ante esta situación, urxe seguir actuando desde os axuntamentos en dous frentes:

- A urxente promulgación dunha nova normativa sobre a ordenación do chan para frear a especulación e pór en mans da administración os instrumentos necesarios que impidan o negocio mercantil.
- A posta en marcha de plans de ordenación e normas de planificación urbanística, nas que o obxectivo non sexa urbanizar para edificar máis senón para vivir mellor.

V. MUNICIPALIZACION DOS SERVICIOS.

A permanencia en mans privadas de servizos públicos como o de transportes, defendida por algunhas forzas políticas, permitiu que estes continuen funcionando como un negocio, cun incremento abusivo dos prezos.

Os nacionalistas seguiremos a defender a progresiva municipalización de todos os servizos que terían a categoría de públicos, xa que será a única garantía de que funcionen en beneficio dos cidadáns e non dos seus propietarios.

VI. CULTURA.

Resultou realmente escandaloso o comportamento de moitas forzas políticas no terreo cultural, freando as iniciativas tendentes a galeguizar a administración local e boicoteando a dinamización da cultura popular, desde a súa oposición a modificar os nomes das ruas, até rexeitaren o galego como vehículo normal de expresión. A preocupación permanente destas forzas foi a de organizar actos, premios e concursos de carácter elitista a folclorizante, actitude que fixeron extensiva ao terreo deportivo. Nen sequer se preocuparon de erguer a mínima infraestrutura para a celebración